

RESOLUCION DA ALCALDIA

EXPEDIENTE 371/2019. CONTRATACION DAS OBRAS DE: “PROXECTO DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DE ACCESO AO POLIGONO INDUSTRIAL DE PORTOMARIN”, A ADXUDICAR POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO.

Logo de ver que por Resolución da Alcaldía de data **31 de xullo 2019** se aprobou o proxecto de **MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DE ACCESO AO POLIGONO INDUSTRIAL DE PORTOMARIN**, redactado polo Enxeñeiro Industrial Don Alfonso Fernández Losada, así como o **Prego de Cláusulas Administrativas Particulares** e o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, convocando a súa licitación.

Logo de ver que en data **03 de setembro de 2019 ás 10.00 horas** constitúese a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato. Resultando ser:

“.....”

A continuación procédese á clasificación por orde decrecente

	<i>Licitadores</i>	<i>TOTAL</i>
PRIMEIRO	MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.	100
SEGUNDO	OVISA PAVIMENTOS, S.L.	99
TERCEIRO	GRUPO BASCUAS 2008, S.L.	95
CUARTO	CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA, S.L.	90
QUINTO	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	90
SEXTO	HORDESCON, S.L.	90
SEPTIMO	CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, S.L.	15

*A continuación procédese a realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación que é : **MANUEL NOVOA CASTRO, S.L.U.***

Polo anterior a mesa acorda requirir á empresa que obtivo a mellor puntuación para que presente os documentos acreditativos que se esixen na cláusula 19.

.....”

Logo de ver que **MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U.** presenta a través do rexistro electrónico a documentación necesaria para a adxudicación do contrato.

En aplicación do artigo 159 apartado 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. (LCSP)



RESOLVO

PRIMEIRO. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en virtude do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, por razóns de urxencia debido os prazos de execución fixado. Da presente avocación darase traslado á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.

SEGUNDO. Adxudicar á empresa **MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U. con CIF B27429653** o contrato de obras consistente en “**MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DE ACCESO AO POLIGONO INDUSTRIAL DE PORTOMARIN**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Don Alfonso Fernández Losada e coas seguintes condicións:

Prezo IVE incluído	95.314,69 euros
Melloras establecidas por o órgano de contratación.	SI
13.3.-Reducción del plazo de ejecución.	SI 0,50 meses
13.4.-Ampliación del plazo de garantía.	SI 1+4

, segundo a oferta presentada con nº de rexistro de entrada 2019-E-RC-1276 de data 21.08.2019.

TERCEIRO. Dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 433.619 do orzamento vixente de gastos.

CUARTO. Notificar, nos termos previstos no artigo 151. 1 da LCSP, aos candidatos e licitadores.

QUINTO. Notificar a **MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U. con CIF B27429653**, adxudicatario do contrato, o presente Acordo e citarlle para a **sinatura do contrato** que terá lugar nas oficinas municipais do Concello de Portomarin en vindeiras datas.

SEXTO. Publicar a presente resolución no perfil do contratante no prazo de 15 días en cumprimento do establecido no artigo 151 da LCSP.

SÉPTIMO. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e do Proxecto e o Plan de residuos para a súa aprobación polo Alcalde do Concello de Portomarin previo informes do *Director Facultativo das Obras* e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra.

OITAVO. Publicar a formalización do contrato de obras na plataforma de contratación do sector público en cumprimento do artigo 154 LCSP.



NOVENO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade coa lexislación vixente.

O manda e asina o Sr. Alcalde.

Documento asinado electrónicamente a marxe do documento.

